

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº103/ Ano: 2025 / 1º xornal Mes de marzo/ Estado de finais de Entroido

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



REVIVIR O ENTROIDO EN ONS

Despois dunha importante recompilación de datos e vendo a importancia que no seu momento tivo a celebración do entroido en Ons, decidiron revivilo de novo despois de máis de 50 anos, e cunha programación segundo os datos que se tiñan, levouse a cabo o domingo de entroido, 2 de marzo, na Illa. (Páxs. 1-4)




FALECE O GHATEIRIÑO DE PIÑEIRO.

Un dos gaiteros con máis sona de Galicia, faleceu despois da celebración do Entroido. Coñecémolo en Ons no ano 2008 na última Matanza do Porco que se realizou na Illa e na que el foi partícipe. A súa gaita non deixou de tocar en todo o evento. Páx. 5

AS COMPARSAS DE BUEU COA ILLA DE ONS

Todos os anos estamos á espera de escoitar e ler as letras das diferentes comparsas de Bueu para comprobar se hai algunha con respecto a Ons. A comparsa que máis a reivindicaba era Vou nun bou pero leva uns anos sen acordarse dela. Esperaremos para o ano que vén. Páx. 5
Letras sobre Ons das Faltriqueiras e Os do Pinsel.



A CAPELA DE CANEXOL NA LISTA VERMELLA DE HISPANIA NOSTRA

A capela de Canexol atópase nun estado deplorable. Un auniense tomou a iniciativa para que dende a administración se preocupen do seu arranxo.

Tamén realizou un pequeno estudo sobre o uso do Galego no cemiterio de Ons. Páx. 6



Parques acelera o tema da Depuradora e outros servizos de cara á Semana Santa. De todos os xeitos queda moito por facer. Páx. 7



Breves

- Homenaxe ás pandeireteiras de Ons. Páx. 8
- Actividade de Ioga en Ons. Páx. 8
- Novo tomo de Onstopus. Páx. 8
- A revista Aunios en imprenta Páx. 8
- Libro sobre o Faro de Ons. Páx. 9



Ons, la memoria del faro

ESPECIAL ENTROIDO ONS (I)

Despois de 50 anos sen celebrarse o Entroido en Ons, vai ser da man do filólogo e investigador José M. Dopazo, o que vai revitalizalo de novo, apoiándose nas súas pescudas cos veciños da illa, das que posteriormente sairá unha publicación.

Aínda que a primeira idea estaba en tres días de celebración, por diferentes causas, saídas de varias reunións mantidas cos veciños e coa concelleira de cultura, quedouse, por ser a primeira vez e poder comprobar como respiraba a veciñanza, nun só día, o Domingo de Entroido.



A preparación deste evento, levou un tempo. Eu, a idea, coñecina no mes de xullo nunha pequena charla con Dopazo. Despois pasoume o que podería ser a programación e o xeito de levalo a cabo

Logo da súa lectura e pasado un tempo prudencial para aclarar ideas, e cando comprobei que o proxecto ía adiante, enviei unha carta a Dopazo dándolle o meu parecer, ideas que, posteriormente, serviron para expoñer a miña modesta opinión, ao non poder asistir ese día á reunión que mantivo con veciños e concello.

Dende logo o proxecto tiña todo o meu apoio, aínda que por diferentes circunstancias, sobre todo de mobilidade, non podería participar activamente.

Despois dunha importante repercusión nos medios de comunicación, o Domingo de Entroido (2 de marzo) celébrase na Illa o Entroido tal e como, segundo recompilou Dopazo, realizábase en Ons hai máis de 50 anos.


Información que me pasaron, sacada da conta de Facebook de **Adrián Ferrer**, sobre as diferentes figuras do *Entroido de Ons*:

✓ **Fiadas**: é un baile comunal no que participa toda a veciñanza. Tradicionalmente a música corría a cargo das pandeireteiras da Illa e de gaiteiros se os había. Facíase todos os días do Entroido e ás veces tamén se contrataba un acordeonista de fóra para o día grande, o martes.

✓ **Figura do entroido**: supón a humanización da festividade. É un esqueleto de paus, cubertos de palla, todo dentro de roupa vella. A función principal é anunciar o inicio destes festexos, avisando de que o Entroido chegou.

✓ **Máscaras**: a súa función é facer ruído avisando de que chega o entroido. Vestidas con roupa vella e levan a cara tapada cun pano, pel de animal ou calacú seco.

✓ **Mudados e mudadas**: van ataviadas con prendas brancas e unha carauta vermella. A careta empregada será de tea, ou de calacú seco, pintada de vermello. Ademais, deberá levar un ganapán, unha vara ou algún obxecto co que facer ruído. Serán arredor de catro persoas, cuxa función é roubar comida das portas, sementar o caos a través de vareazos e mover obxectos de lugar.



ENTROIDO NA ILLA DE ONS

DOMINGO 2 DE MARZO



12.00 h Saída do entroido e as máscaras
14.00 h Fiada con Arredor da Tradição
15.30 h Saída dos mudados
Saída 10.30 h - Volta 18.00 h

Entroido moveBueu

Así era o cartel que anunciaba o Entroido de Ons:

As 12 comezou coa saída do entroido e as máscaras.

Sobre a 13,30 h. chegaron a Curro e comezou a fiada.

Houbo un tempo para o xantar. Non había nada programado sobre a comida no cartel. E ás 15,30 saíron os mudados



ESPECIAL ENTROIDO ONS (II)

A xornada de Entroido en Ons seguiu a seguinte orde:

1º) Despois da chegada á Illa, os participantes dirixíronse ata o Centro de Visitantes, onde ían prepararse e deixar gardados os diferentes materiais; Parques dera permiso para poder utilizar o Centro e o espazo exterior.

Cando todos estiveron preparados, colleron o moneco de entroido, e uns foron por Caniveliñas, seguindo a tradición que contaban os aunienses, ata Pereiró. Outros foron polo camiño que dende Curro vai tamén a este barrio, entre os que ían un bo número de máscaras e os músicos de Arredor da Tradición.

Dende Pereiró comezaron a marcha cara a Curro, anunciando o Entroido, indo diante o moneco, e un entroido tocando a buguina que anunciaba a chegada das máscaras.

Foron parando nas casas aunienses que estaban habitadas e nelas foron agasallados con doces, orellas e outros produtos típicos do entroido.

Chegaron a Canexol, onde eu os esperaba e, dende alí, colleron polo camiño do cemiterio cara ao barrio de Caño.



A comitiva do entroido baixa polo barrio de Pereiró.



Entran no barrio de Canexol, pasando pola casa de Francisco, antiga escola e reitoral.



2º) Chegados ao barrio de Caño, baixan cara ao de Curro, para dende alí, dirixirse, polo camiño de Melide, cara ás casas de enriba da Fonte do Castelo.

As casas, nese intre, están deshabitadas e volven cara a Curro para, a carón da nova igrexa e C. de Visitantes comezar unha fiada que durará ata a hora que deciden ir xantar.

Como sobre a comida non había nada programado, agás quen levou comida e comeron xuntos nas mesas da baixada á praia de Area dos Cans, houbo un par de horas de descanso que moitos aproveitaron para ir tomar unhas cañas, (había un bar-restaurante aberto), ou xantar un cocido, que este mesmo restaurante programara para ese día. (O cocido programado non afectou para nada á programación do Entroido, xa que se levou a cabo entre as 13,45 e as 15,30. O seu prezo estivo nos 22 €).

ESPECIAL ENTROIDO ONS (III)

3º) De volta da zona de Fonte do Castelo, comezou a fiada no Curro, onde, co son da música de Arredor da Tradición organizouse un baile ao que se apuntaron os presentes nese intre na zona.

Xa pola tarde, arredor das 15,30 saíron os Mudados que fixeron un percorrido indo cara a Fonte do Castelo, subiron pola Entenza, chegaron ao barrio de Caño e, dende alí, chegaron ao de Canexol. Despois de varear aos veciños que atoparon polo camiño, de novo colleron cara a Curro, onde, os que estaban na fiada ao son da música, anunciaron a súa chegada, onde se viviron uns momentos de verdadeiro Entroido illán cos mudados perseguindo aos presentes. A festa continuou con máis música e xogos populares.



Comezo da fiada



Os Mudados (Foto cedida por Ángel González. Facebook)



Os Mudados cando, despois de facer o seu percorrido, presentáronse en Curro, na fiada.



PALABRAS DE JOSÉ M. DOPAZO SOBRE O ENTROIDO EN ONS

Recuperación do Entroido na Illa de Ons

50 anos despois da saída dos últimos *mudados*, o Dominko de Entroido de 2025 recuperáronse os ritos tradicionais desta illa ao son de “Dominko Ghordo / Dominko Fraco / pra San Xosé / nin can nin gható”, unha melodía que lembraba María *do Caño*. Pola mañá, saíron as *máscaras* a pedir *aurellas* polas casas desde Pereiró até Curro. O grupo Arredor da Tradición axudou a pasear o *entroido* (desta vez non foi sobre unha *auvella*, pero decorreu todo o sur da illa ao ritmo da gaita, a caixa e o bombo), mentres as persoas que asistiron ao Entroido se ían sumando ao pasarrúas.

Cando chegaron diante da igrexa nova, empezou a fiada até o momento do xantar, para o que cadaquén levou a súa comida. Así que se acabou a sobremesa, o grupo de música volveu ao torreiro improvisado para deleitar o público con máis pezas, todas recollidas na Illa de Ons, cun gran número de bailadoras e bailadores. Contra a metade da fiada, apareceron os *mudados*, que viñan de roubar *chulas* e *muñuelos* desde o sur. Irromperon no baile zoscándolle cos paus aos asistentes e creando o caos. Cando o viron oportuno, continuaron a súa ruta cara ao norte.

Foi unha pena que non houbera maior participación por parte da veciñanza, aínda que as casas de Rosiña e de Cesáreo (entre outras) tiñan as portas abertas para as *máscaras* e os *mudados*. En parte, a contraprogramación do “cocido gallego de Carnaval” restou protagonismo a un fenómeno que, noutro lugar, tería unha acollida á altura da importancia que supón o Entroido para calquera sociedade con orgullo do seu.

Sería fantástico que, de cara ao 2026, a sociedade illá tome conciencia da importancia dos ritos desta festividade e se faga partícipe de toda esta ritualidade.

TINÓN: UNHA PEQUENA SUXESTIÓN SOBRE ESTE MAGNÍFICO EVENTO “Entroido en Ons”

Como xa teño explicado, o *Patrimonio Material e Inmaterial* da Illa de Ons é importantísimo, pero aínda está sen investigar de xeito exhaustivo e por especialistas.

Dopazo, traballou moi intensamente o tema da Fala de Ons e nos múltiples traballos de campo e entrevistas realizadas, puido comprobar que ese Patrimonio Inmaterial aínda está vivo na memoria dos aunienses de maior idade, de aí que, paralelamente, tamén estea recollendo datos etnográficos desta valiosa Cultura Popular que garda Ons. Entre as súas pescudas atopouse co tema do Entroido na Illa e púxose mans á obra no seu estudo, tanto foi así que, a carón de varios artigos en AUNIOS e a realización dun libro (aínda sen editar), programou o revivilo de novo en Ons despois de 50 anos. Aínda que a iniciativa non era doada, conseguíuno, e este pasado 2 de marzo celebrouse en Ons o Entroido, tal e como se facía hai máis de 50 anos.

Como expliquei nas páxinas anteriores, tivo tres pasos:

Pola Mañá: Saída do Moneco e as Mascaras anunciando o Entroido. Fiadas e xogos populares (*realizado entre as 12 e as 13,45 h. aprox.*)


Pola tarde: Saída dos mudados e Fiadas (*realizado entre as 15,30 e as 17 h. aprox.*)

Entre as 13,45 e as 15,30, *era o tempo de descanso e comida*. Os que levaron o peso da programación do Entroido, uns comeron o que trouxeran das súas casas nos arredores do C. Visitantes, e outros foron ao único restaurante que estaba aberto e que ofreceu, a quen se quixo anotar, un Cocido ou outros menús de carta.

Os organizadores do Entroido *non programaron ningunha comida oficial* ou especial de Entroido, polo que ese espazo de 2 horas aprox., foi tempo de cañas, comida e charla, coa *liberdade* de que cada un o fixera como e onde quixera. Polo tanto, algúns veciños foron xantar ás súas casas e outros de restaurante. As persoas que ese día viñeron á Illa, polo motivo que fose, comeron segundo a súa liberdade e, tanto uns como outros, *non influíron para nada* na Programación do Entroido, pois ás 15,30, que comezaba a Fiada e a saída dos Mudados, todos estarían xa comidos, polo que non había atranco ningún para seguir coa Programación prevista.

Con isto quero explicar que o Cocido ofrecido polo único restaurante aberto, do que eu libremente fun un comensal máis, non o considero unha contraprogramación, *nin eu un membro dela*, senón que ofertaron, con tempo, un servizo gastronómico máis, nunhas horas en que, para nada, influía na Programación do evento, polo que eu, e un bo número de persoas máis, preferimos ir comer alí e non levar un bocadillo.

O participar no Cocido, aínda que o fixen na última quenda 14,45, non motivou que eu, aínda cos meus problemas de mobilidade, non participara no Programa de Entroido. Por iso non quero que ninguén, por ese motivo, poda considerarme un membro de ningunha *contraprogramación*, sobre todo porque **non a houbo** e, dentro da miña modesta colaboración neste proxecto, sempre estiven a favor e participei, no que puideren, na Programación deste magnífico e ben programado Evento.



O Entroido, dentro da Comunidade Galega xa é Ben de Interese Cultural e forma parte do noso Patrimonio Inmaterial, por iso é importante dar valor a este evento que se levou a cabo en Ons para que, en anos sucesivos se consiga que máis membros da Comunidade Auniense se involucren na súa programación,
**ADIANTE CO
ENTROIDO DE ONS !!!**



SEGUIMOS CO ENTROIDO, en Bueu sobre ONS

PICHINAQUIS

MÚSICA: MARINA, MARINA (ROCCO GRANATA)

Este ano teño que ir a festa á illa,
onde se xunta toda a camarilla,
do Bloque, do PP e do PSOE,
e o señor cura non pode faltar.

Este ano trouxo a nai de acompañante,
mandáronlle un arroz con bogavante,
foi a corporación municipal,
Carmiña foi no sitio de Leal.

*Pra illa, pra illa, pra illa, este ano teño que ir alá,
Pra illa, pra illa, pra illa, e levo connmigo a mamá*

Si non te das prisa, xa acabou a misa,
e quedas outro ano, sin ir a comulgar.
Si vas o Pirata, mándalle un cubata,
e colles enerxía, para poder bailar.

Na illa non hai radar nin patrullas,
na illa nin siquera pasan coches,
na illa no hai controles de alcolemía,
alí para soplar tes que ir o bar.

Na illa Isabel rompeu a cama,
igual foi porque viña algo cargada,
ou porque a cama estaba apollada,
pero esa noite foi dormir no chan.

*Pra illa, pra illa, pra illa, este ano teño que ir alá,
Pra illa, pra illa, pra illa, que é a freguifesta máis guay.*

Si non te das prisa, xa acabou a misa,
e quedas outro ano, sin ir a comulgar.
Si vas o Pirata, mándalle un cubata,
e colles enerxía, para poder bailar.

X2

SON DE ONS

Música: La chica de ayer (Nacha Pop)

Chegan as vacacións imos pra Ons outra vez
O noso paraíso que nos veu crecer
Xa está cheo o muelle os corazóns a cen
Temos todo listo alá imos outra vez

Estar na nosa illa danos vida e paz
Respirar o seu aire... senta ben
Prepara o Pichinaki pra poder brindar
Que as boas tradicións non se poden perder

Despértaste no camping sen saber que hora é
A noite na illa alargouse outra vez
Imos A Melide para disfrutar
O azul deste mar non é fácil topar

Estar na nosa illa danos vida e paz
Respirar o seu aire... senta ben
Prepara o Pichinaki pra poder brindar
Que as boas tradicións non se poden perder

Se vas a fedorentos cando cae o sol
O ceo regalache un festival de cor
Sempre penso o mesmo ó ter que marchar
Ainda estou aquí e xa quero voltar

Estar na nosa illa danos vida e paz
Respirar o seu aire... senta ben
Prepara o Pichinaki pra poder brindar
Que as boas tradicións non se poden perder

Coa néboa da mañá non te deixas ver,
Pra que só os teus isleños te poidan ter
O chegar a noite co candil estar
Para que a escuridade te faga brillar

Estar na nosa illa danos vida e paz
Respirar o seu aire... senta ben
Prepara o Pichinaki pra poder brindar
Que as boas tradicións non se poden perder



VAIA FOSADA

Música: Pideches e cerpa (Ana Kira)

Que o ferro na illa aboia todos sabemos que iso é certo.
Candíllalle ti este conto cando che señalan a casa os netos.
Uns homes con unha nasa pescaron un gran atún vermello.
O mar de volta o levaron, eu case o miro pero no creio.

Iso que nos din son parvadas. Fixeron boas torradas.
Ou ¿será un bulo?
Na tele falou o Perillas de todo días maravillas
(menos dos Mulos)

Moi serio é o problema. Hai quen non quere ter inmigrantes;
pero a realidade, agora somos menos que antes.
Chegaron uns africanos. Están os fachas moi preocupados.
Cando eran as ucraianas xa babeaban ben empalmados.

Un rico non é un obrero. Aquí nin branco nin negro,
hai moito vicio.
Dime a verdade amighiño, que ilusión se o negroño
fora Vinicius.

O meu veseño Manolo é coma sempre moi ocurrente.
O tipoño separouse, descargou Tinder rapidamente.
El foi a unha cita a cegas e aparecelle a súa exogra.
Non é de estar o tempo. No é Jesucristo, el non perdoo.

Tiña que pedir moi salido, tamén ter pouco sentido.
Vaia fosada.
Queremos saber, Manoliño, se ti rompedes o frenillo
nesa xogada.

Nós ensaiamos na escola que hai alá arriba en Sanamedio.
Temos local compartido con xente toda de moito xenio.
Barremos e máis limpamos e recolleemos o noso lixo.
E sempre son todo queixas. Vou a cagharme en San Bendito.

Nós comemos, tamén bebemos, a ningún nada debemos.
Sae da carterta.
Dime, ¿zen será o desghrasiado que nos apaga, achantado,
sempre a nevera?



De esquerda a dereita: Os do Pinsel. As Faltriqueiras. Vou nun Bou

Recompilación letras das comparsas de Bueu que falen de Ons

Levo uns anos recompilando as letras das comparsas de Bueu que conteñen algo sobre a Illa de Ons. Nos últimos anos era a Comparsa de fama mundial “*Vou nun Bou*” a que se levaba a palma en letras sobre Ons, pero levan un par de anos, sobre ese tema, en dique seco. Cal será o motivo? Uns pensan que despois do himno a Ons, quedaron tan exhaustos que tardarán un tempo en recompoñerse. Outros falan do cabreo con Manolito que, nas reunións na Illa, nos cubatas, pon moito xeo e pouco whisky. Tamén hai quen di que, ultimamente en Ons ocorren poucas falcatrudas que os inspiren. Eu penso que, só con botarlle unha ollada a Onstopus, sacarían miles de estrofas.

Ben, darémolles un ano máis de descanso e se para o ano esquecense de Ons, tomaremos medidas; eu xa teño unha boa cinta métrica preparada.

Este ano recibimos as letras das comparsas “*Os do Pinsel*” e as “*Faltriqueiras*” que axuntamos aquí e que agradecemos se acordaran desta engaiolante Illa.

O GHAITEIRIÑO DE PIÑEIRO. HOMENAXE

Mesmo cando remataba o entroido, falecía José Fernández Canosa, o *Ghaiteiriño de Aldán*.

Eu tiven a sorte de coñecelo na Illa de Ons, alá polo outubro de 2008 cando tivo lugar na Illa a última “Matanza do porco”, celebración que en Ons, dende sempre, era a festa máis celebrada e esperada.

O Ghaiteiriño, ese día, exerceu como matachín xunto ao auniense Emilio (cariñosamente Pitiso), e acompañados dun nutrido grupo musical, entre os que estaba o noso querido Mallo (saxofonista da Orquestra “A Illa é Nosa”), tivemos dous días de Festa e Gastronomía, onde a gaita de Fernández Canosa, non deixou de tocar. Dende estas letras, o noso adeus a este amigo, un dos mellores gaiteiros que pariu Galicia.





ESTADO E ARRANXO DA CAPELA DE CANEXOL

Levamos xa uns anos denunciando o pésimo estado no que se atopa a Capela de Canexol. Este pasado ano o auniense **Adrián Ferrer Reboiras**, puido acceder ao seu interior e comprobar o calamitoso estado no que se atopa, que cada vez vai a máis, e que calquera temporal ou dana pode acabar por derrubar o tellado, aumentando en moito os posteriores gastos da súa reparación.

Como auniense loitador que é e facendo resaltar os seus Sentimentos cara á Illa de Ons, está a levar reivindicacións importantes para que Ons non quede relegada dentro das illas do Parque.

A carón da súa actividade na Asociación de Veciños de Ons, solicitou aos partidos políticos do Parlamento Galego que fixeran súas importantes preguntas sobre Ons, entre as que están: A situación da depuradora, dos camiños, dos arranxos prometidos no barrio de Curro e o futuro do Faro de Ons agora que esta automatizado e que, en pouco, quedará sen fareiros.

Con respecto ao lamentable do estado da Capela de Canexol, púxose en contacto con Hispanianostra a quen lle enviou un completo informe sobre o Patrimonio Relixioso da Illa de Ons e o seu estado, entidade que, despois da súa lectura e comprobación emitiu un informe, integrando a Capela de Canexol na súa **Lista Roja**.

Inclusión en la Lista Roja de la Capilla vieja de San Joaquín de la isla de Ons, Bueu (Pontevedra)

Caixa de entrada x

Lista Roja de Hispania Nostra <listaroja@hispanianostra.org> para min

11:39 (hai 1 minuto)

Estimado Adrián,

Le informamos de que, tras estudiar la ficha de la [Capilla vieja de San Joaquín de la isla de Ons, Bueu \(Pontevedra\)](#), el Comité Científico ha considerado oportuna su inclusión en la Lista Roja como forma de llamar la atención sobre su estado e impulsar su recuperación.

Le agradecemos sinceramente su ayuda e interés por el patrimonio y le animamos a seguir protegiéndolo.

Igualmente le informamos de que Hispania Nostra dispone de una plataforma de [Micromecenazgo](#) a través de la cual pueden presentar un proyecto de rehabilitación y solicitar financiación para llevarlo a cabo. Así como también, apoyar proyectos que están actualmente en proceso de recuperación.

Si lo desea también puede hacerse [socio](#).

Un cordial saludo,

Paula Barrero.

 El equipo de LISTA ROJA

listaroja@hispanianostra.org
91 542 41 35 | 91 296 91 43 | 637 72 56 87
Calle Manuel, 3 2ª dcha. 28015 Madrid
www.hispanianostra.org



ONS: NON É UNHA ILLA, É UN SENTIMENTO

A escola da Palabra e a Memoria embarcou en Bueu e navegou á Illa de Ons. Ao mando da nave ía **Adrián Ferrer Reboiras** (Bueu, 1993), Graduado en Enxeñaría Forestal pola Universidade de Vigo e Técnico Superior Forestal polo CFEA de Lourizán.

Formado no IES Johan Carballeira, onde foi alumno de Fernanda G. Briones, este colaborador do Ferrado (<https://oferrado.gal/>) foi estudar o uso do idioma no cemiterio da illa de Ons, descubriu que dun total de 79 sepulturas o galego está presente en 3 e mandounos esta e outras informacións que agora compartimos.

Antecedentes

Na illa de Ons hai un cemiterio. Aínda que a súa construción e uso legal completáronse polo decenio de 1960, o recinto empregábase para enterrar a xente desde hai dous séculos.

No século XIX, na illa había unha grande comunidade chegada principalmente de Bueu e máis polo miúdo de Beluso. Aquela xente viuse coa necesidade de crear un lugar para enterrar en sagrado as persoas falecidas, de aí que se erguese a igrexa vella. Aínda que nun principio a persoa falecida se devolvía á terra de orixe para soterrala na súa parroquia, a partir de 1887 comezan o soterramentos no adro da capela.

S.O.S


A antiga capela de San Xaquín, na illa de Ons, acaba de entrar na Lista Vermella de patrimonio ameazado que elabora a asociación Hispania Nostra.

A estrutura do templo «áchase en estado precario con risco de derrube; isto débese á presenza de gretas que danan o edificio e outros elementos como o pequeno retablo».

A mediados de setembro, a Xunta pecha as autorizacións particulares para visitar as illas do Parque, e tamén, a partir dese intre, os servizos quedan en mínimos para, a finais dese mes, calquera tipo de prestación e o mantemento vai ser atendida polo exiguo persoal oficial de Parques.

Podemos dicir que este inverno, quizais por circunstancias meteorolóxicas, o mantemento xeral non foi o que debería ser nun Parque Nacional e, as obras que levan anos prometendo dende a Consellería de Medio Ambiente, quedaron nun paro absoluto, agás o tema da depuradora que, pola gravidade que supón para o ecosistema, as problemáticas que pode traer cara ao verán e despois de dous longos anos dende que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural prometera o seu arranxo, con grandes dificultades, por fin!!!, parece que desta vai adiante, iso si, cun custo de máis do dobre do que se presupostara hai dous anos.

Ou os responsables da economía da Xunta fan moi mal os cálculos, ou o retraso en comezar as obras provocou ese aumento. Se isto último fose o motivo, debería ser a D. Xeral de Patrimonio Natural, e do seu peto, a que debería facerse cargo dese aumento no presuposto pola súa mala xestión.



Parece que a Depuradora, e segundo din dende o Parque, terémola en funcionamento en breve. Esperemos que desta cumpra as expectativas e desempeñe perfectamente o seu labor, que se poidan enganchar máis vivendas a ela e que non sufra o ecosistema mariño.

Aínda que a nova xa nola fixeran chegar hai un tempo, parece que xa está adxudicada a asistencia sanitaria Permanente en Ons durante a Semana Santa e o Verán nos próximos dous anos. Dende logo é unha moi boa nova que temos que agradecer á Dirección do Parque.


Parabéns



Así mirábamos o tema do lixo cando se fixo cargo da Illa o Parque Nacional. Tardaron un bo anaco de tempo en ir dándolle solución e, aínda que o servizo é mellorable, non hai, por parte dos veciños, queixas sobre el. Nestes dous últimos anos o servizo funcionou, pero non se cumpriron algunhas das bases do contrato. Este ano vai ser Urbaser a que se faga cargo del, esperemos que non haxa problema. O que si, seguir dicindo que habería que realizar unhas xornadas sobre Educación Ambiental para uso de materiais de limpeza nas vivendas e negocios informando sobre os que son máis ecolóxicos e menos prexudiciais, e buscar unha reciclaxe adecuada do lixo, en especial, para os aceites domésticos



A pasarela para acceder á praia de Area dos Cans, nun estado deplorable. Todos os anos necesita arranxos. Non foi unha boa inversión.




Este pasado ano 2024 tiven a sorte de poder asistir a unhas xornadas do Parque sobre Arqueoloxía, que xa comentei neste minixornal. Daquela faláron de facer unhas sobre **Etnografía**, pero parece que esta materia é un tema tabú e non se van a realizar. O que si, hai unhas moi interesantes programadas. Se pode acudir, comentareinas en próximos Onstopus, pois considero moi importante, polo seu interese, que se realicen, e que despois fagan unha publicación sobre o que se tratou nelas.




Que pasou coas obras que se ían realizar no barrio de Curro dende hai, tamén, dous anos? Este pasado verán só o pavicésped, e aínda está sen rematar. Durante 6 longos meses ningún obreiro apareceu por alí. Perderanse os case 1'8 millóns que había para esas obras?

ÚLTIMA HORA



Xa temos a encadernar o 5º tomo deste Minixornal **ONSTOPUS**, que vai de abril 2024 a xaneiro 2025. É un noticiero sobre a Illa de Ons onde se contan o acontecido nesta illa en clave de humor ou seriamente, e que ten un enorme éxito entre os veciños, persoas relacionadas coa Illa e público en xeral. <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>



Este ano ás o Días das Letras Galegas está dedicado Ás Cantareiras e á Poesía Popular. Debe ser por iso que xa se comezan a quentar motores e o día 5 de abril en Vigo, farán unha homenaxe, entre outros, ás **Pandeireteiras de Ons**, entre as que estará **Carmucha**, a de Farruco a filla de Colón, oriúnda da Illa de Ons. Comunicáronme que quizais tamén estea a auniense **María do Caño**.

PARQUE NACIONAL ACTIVO
Levamos unha chea de números deste minixornal reivindicando a necesidade de que este Parque Nacional das Illas Atlánticas teña unha programación anual de actividades, nas propias illas, que sexan capaces de atraer cara a el a visitantes que queiran afiliarse a coñecer a cultura e natureza destas illas. Interesante esta actividade de Ioga en Ons que se completará con visitas guiadas e tempo de repouso, relax e descanso.

REVISTA CULTURAL AUNIOS nº 30
O día 25 de marzo fixemos entrega na imprenta do nº 30 desta revista cultural. Esperamos tela para a súa presentación sobre finais de abril e quizais na ponte do 1º de maio, poidamos levala á Illa, facer unha pequena presentación tamén alí e realizar unha primeira distribución entre os veciños. Aínda que xa falaremos dela en próximos Onstopus, dicir que das 80 páxinas destinadas a artigos, máis da metade están dedicados a Ons, con interesantes achegas sobre etnografía, sobre a historia do transporte á Illa, coñeceremos os comezos da electrificación de Ons, o interesante xacemento arqueolóxico do barrio de Canexol, uns debuxos do pintor, afincado en Cela, J. María Barreiro, sobre temas de observación astronómica dende a illa, os roles dos homes e mulleres aunienses, unha

homenaxe ao antropólogo Gustav Henningsen que fotografou e recompilou datos etnográficos sobre a cultura popular auniense cara a finais da década de 1960, sobre un vello costume e as relacións entre a Escola Naval de Marín e Ons. A revista complementase con artigos sobre as illas de Sálvora e Tambo, de incursións corsarias polas proximidades de Ons e Cíes, un interesante artigo sobre as marcas de pesca dos nosos mariñeiros e un bo número de artigos relacionados con O Grove e a península do Salnés como: os versos que Delgado Gurriarán compuxo para a illa da Toxa, do primeiro museo de acuicultura de España na antiga Insuaña, sobre o escultor Asorey, dos cabeiros da Toxa, sobre a vida no Grove a principios do século vinte contado a carón da lareira e unha última revisión ao libro As aves da costa; rematando todo cun relato vital dun mariñeiro de Arra.

Esperamos que este novo número teña o mesmo éxito que os anteriores que, como xa vos teño comentado, ten unha importantísima distribución por toda Galicia que, aínda que trae un enorme custo o seu envío por correo postal, sen embargo considerámolo imprescindible para que as temáticas de Ons e a súa contorna se coñezan e, sobre todo, para alentarmos e estimularmos aos investigadores para que vexan en Ons e terras próximas, un significativo campo virxe de estudo e investigación que é, en definitiva, o noso principal obxectivo.

FARO de ONS



Ons, la memoria del faro

Una aproximación histórica al servicio de señales marítimas del Puerto de Marín

LIBROS-de-ONS

“Ons, la memoria del Faro”

A Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, vén de editar un libro-catálogo sobre as pezas do Faro de Ons, libros de rexistros e outras pezas dos sinais marítimos da Ría de Pontevedra, que xa en desuso, se foron acumulando e gardando para exposición nunha das salas do Faro de Ons, pasando a constituír un interesante Museo.

Este catálogo está escrito por María Eyo e Enrique Abati e as fotografías (tres das cales expoñemos neste pequeno comentario) foron realizadas polo fotógrafo Alberte Peiteavel.

Atopamos nel, cunha moi boa explicación sobre cada unha, lámpadas, libros, chemineas, manómetros, ópticas,... e máis pezas que foron acumulándose ao longo de decenios e que forman unha magnífica mostra e, como din os autores: “É unha aproximación histórica ao servizo de sinais marítimos do Porto de Marín”.

“LIBRO DIARIO DEL SERVICIO”

Aínda que noutros Onstopus dedicáremoslle máis tempo a este catálogo, quere destacar, pola súa importancia sobre Ons, este libro do catálogo. Contan que, rematada a garda de cada fareiro, deberían anotar nel todas as circunstancias reseñables, sen embargo indican que só eran anotacións referentes ao servizo e non estaba permitido anotar calquera outra circunstancia. Polo que quedaba sen reflectir e así o fan constar: “... calquera outra circunstancia, co que dende logo perdeuse a posibilidade de ter unha cantidade extraordinaria de información valiosísima, referida aos acontecementos destacables na vida insular ou a historia marítima de veciñanza”.

Ons, la memoria del faro



Ons, la memoria del faro



INTERESE DO LIBRO

De todos os xeitos, este catálogo ofrece a posibilidade de coñecer máis de cerca a historia do Faro de Ons, os materiais empregados e os libros de rexistros, co que, nun futuro, os investigadores terán un material interesante para estudo.

Tamén, é un xeito de quedar inscrito, enumerado e arquivado, pois todo ese instrumental é propiedade de todos os españois e sería unha pena que pasara a formar parte de coleccións particulares sen ter a oportunidade de podelo exhibir, coñecer, contemplar e protexer nun futuro **Museo dos Faros e Fareiros** que estamos a reivindicar para o edificio do Faro de Ons, cando quede sen fareiros. Só queda dar os meus **PARABÉNS** aos autores e ao Presidente da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra.